ECOLOXÍA A Xunta instaura un catálogo de animais e vexetais ameazados en Galicia, no que se inclúen xa 195 nomes concretos

Especies **na lista negra**

No país, existen 25 animais e 49 plantas que corren verdadeiro perigo de extinguirse

A. L. · Santiago

Tal e como prometera hai mes e medio, a Consellería de Medio Ambiente creará un Catálogo Galego de Especies Ameazadas para manter o control sobre os animais e vexetais que están en situación especialmente vulnerable en Galicia. O consello da Xunta celebrado onte aprobou o decreto polo que nace este catálogo, no que xa están anotadas 195 especies, divididas en catro categorías, en función do seu risco.

Así, o peor baremo é o de pór en perigo de extinción, reservado a aquelas poboacións cuxa supervivencia está ameazada nas condicións actuais; e inclúe 49 especies de flora, 8 de invertebrados, 3 de vertebrados, 13 de aves, 1 mamífero. A continuación, irán as especies sensibles á alteración do seu hábitat, que son aquelas que precisan dunhas determinadas concidións para vivir, condicións que agora se atopan ameazadas.

As outras dúas categorías son vulnerables, aquelas especies con risco de entrar en perigo de extición ou ter alteracións de hábitat a curto ou medio prazo, e de interese especial, animais ou plantas que teñan un grao de ameaza insuficientemente coñecido.

O catálogo funcionará como un rexistro público, dependente da dirección xeral de Conservación da Natureza, no que se inclúen aquelas especies, subespecies ou poboacións pertencentes á flora e fauna silvestre, que, atopándose ameazadas, requiran medidas de protección específicas. O inventario materialízase nun rexistro cun tomo para cada categoría e completarase cun arquivo, no que que-

A pita do monte, aínda habita na rexión dos Ancares, a pesar de que leva anos en perigo de extinción

DATOS

A pita do monte, o oso pardo, a libélula e o sapoconcho común

A lista de animais en perigo de extinción en Galicia inclúe algunhas especies que levan décadas na corda frouxa, como a pita do monte, que en tempos foi moi abundante na zona dos Ancares, ou o oso pardo, cada vez máis estraño nos montes galegos.

Non obstante, tamén hai outras cuxa vulnerabilidade non é tan coñecida, como as dúas especies de libélula que habitan no país en poboacións illadas, o cangrexo de río, ameazado por unha praga de fungos traída por especies alleas, ou o sapoconcho común, vítima da alteración dos hábitats acuáticos. Non obstante, o grupo máis numeroso de animais ameazados son as aves, entre as que se atopan a aguia real (con menos de dez parellas reprodutoras en Galicia), o alcavarán (unha especie relativamente común no sur de España, pero que no norte só está presente no parque das Dunas de Corrubedo), arao (unha das aves mariñas máis comúns do planeta, pero que, de toda a península, só aniña en Galicia) ou a sisón (animal en declive en toda Europa).

Na lista tamén se inclúen algúns moluscos, como o caracol de Quimper, o mexillón de río ou o ameixón.

darán os documentos técnicos que acompañaron o expediente de catalogación, así como a actualización dos mesmos, no seu caso.

A inclusión no catálogo leva a un plan de recuperación

A catalogación implicará a elaboración de plans de recuperación, destinados ás especies en perigo de extinción e de conservación para aquelas poboacións de fauna e flora vulnerables, así como a prohibición de danalas ou prexudicalas de calquera xeito, baixo a ameaza de sanción economica.

O proceso de catalogación, descatalogación e cambio de categoría dun exemplar poderá iniciarse de oficio pola dirección xeral, cando exista información técnica que así o aconselle. A Consellería agarda que este novo *Catálogo* axude a protexer a biodiversidade.●

CLIMA

O mar chegaría a subir 60 centímetros

O Ártico non terá xeo nos veráns da fin deste século

O oceanógrafo alemán Eberhard Fanrbach asegura que o xeo do océano Ártico desaparecerá completamente durante os meses de verán a finais de século, o que provocará non só a aniquilación de parte do ecosistema polar, senón tamén un aumento do nivel do mar duns 60 centímetros en todo o planeta.

Fahrbach, que ós seus 60 anos é considerado un dos máximos expertos en océanos polares, explicou que o quecemento global do planeta afectará de forma desigual ós dous polos, de maneira que se na Antártida "non se espera un desxeo rápido", no Ártico as consecuencias serán "dramáticas".

Así, no Polo norte, que é un océano cuberto de xeo, se prevé que o cambio climático que está afectando a todo o planeta cause, a finais de século, o desxeo total desta inmensa zona ártica nos meses de verán, aínda que hai investigadores que apuntan a que este desxeo podería producirse moito antes, sobre o ano 2050.

A peor parte levaraa o ecosistema ártico

As consecuencias máis graves deste desxeo produciranse no ecosistema Ártico, onde desaparecerá gran parte dos organismos que viven entre o xeo e que son a base da alimentación de moitos outros animais, como as baleas ou os osos polares, que tamén poderían extinguirse.

Pero isto é "só a punta do iceberg do problema", pois estes cambios terán repercusións de envergadura en todo o planeta. Así, por exemplo, xeraranse ondas máis grandes no océano Ártico que erosionarán máis a costa e diminuirían a superficie continental. ● EFE